

# DECLARACIÓN DE CCOO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

## 3 DE DECEMBRO POLA REINCORPORACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE SOBREVIDA

Dende 1992, cada 3 de decembro celébrase mundialmente o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. A poboación mundial conta actualmente con máis de sete mil millóns de persoas. Máis de mil millóns (aproximadamente o 15%) viven con algún tipo de discapacidade, a maior parte nos países en vías de desenvolvemento.

A propósito deste día, Comisións Obreiras chama a atención sobre a situación na que se atopan miles de persoas que ven reducido o seu dereito ao traballo porque, a pesar de teren recoñecidos certos dereitos en caso de discapacidade, e existir a obriga de poñer medios para que se cumpran, a realidade é outra moi distinta. O sindicato quere, especialmente, facer visible a situación daqueles traballadores e traballadoras cunha discapacidade sobrevida tras un accidente ou enfermidade.

Na maioría dos casos, estes traballadores e traballadoras, aínda que continúan tendo a capacidade e o desexo de traballar, e a pesar dos dereitos recoñecidos na normativa social e laboral, sofren serias restricións para o retorno ao emprego e unha elevada porcentaxe deixa de realizar, case por completo, calquera actividade laboral.

É necesaria a toma de conciencia e a posta en marcha de medidas que incidan tanto no mantemento da protección social, como en asegurar os medios que posibiliten a reincorporación real destas persoas ao mercado laboral ordinario, suprimindo barreiras e adaptando os postos de traballo.

**Por isto, CCOO reivindica:**

**A mellora das políticas de emprego e o seu desenvolvemento efectivo a través de medidas aplicadas en diferentes eixes de actuación**

**A promoción da responsabilidade das entidades empregadoras nos procesos de regreso ao traballo**

**A participación activa do traballador ou traballadora con discapacidade sobrevida e os seus representantes**

**A prevención e estudo destas situacións para o deseño e aplicación de políticas e medidas máis efectivas**

É un dereito, **¡é o teu dereito!**



## #ÉoTeuDereito